

Aprobación do Plan Estratéxico de subvencións (PES) do Concello de Vedra para o período 2021-2023

Por medio do presente anuncio faise público que o Pleno da Corporación do Concello de Vedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de setembro de 2021, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vedra para o período 2021-2023 que se transcribe a continuación:

INTRODUCCIÓN

Conforme sinala o preámbulo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), “A Lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e a súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual”. En efecto, é un principio que debe respectar calquera administración pública na súa actuación o de planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.

Neste liña, o artigo 8 da LXS, establece con carácter básico que “Os órganos das administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.

As previsións contidas na LXS desenvólvense no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante RLXS), que nos seus artigos 10 a 15 establecen cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. En consecuencia, o plan estratéxico deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se formulen deberán estar recollidas no plan estratéxico de subvencións.

O Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das mesmas e demais axudas públicas, introduce un novo parágrafo no artigo 13 do RLXS, no que sinala que os plans estratéxicos de

subvencións e as súas actualizacións deben publicarse no sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas.

O artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que as administracións públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada administración competente.

A transparencia, a mellora da xestión e o seguimento das subvencións, a corrección das insuficiencias normativas e o control das condutas fraudulentas que se poden dar neste ámbito son esenciais para conseguir asignacións eficaces e eficientes desde esta modalidade de gasto e facer compatible a crecente importancia das políticas de subvencións cunha política orzamentaria fundamentada no cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

ARTIGO 1. AMBITO TEMPORAL

O presente Plan Estratéxico de Subvencións (en adiante PES) terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando o período 2021- 2023, de conformidade co artigo 11.4 do RLXS. Durante a súa vixencia, o PES deberá modificarse no caso de preverse novas liñas de subvencións distintas das recollidas no artigo 8 deste plan. Non obstante, non será necesaria a modificación do PES nos supostos de que a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente.

ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA

De conformidade co previsto no artigo 12.3 do RXS, os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

En base ao anterior, o contido do PES é simplemente estimativo das liñas de subvencións que se conteñen nos créditos iniciais do orzamento, non vinculando en ningún caso aos órganos competentes. As concesións de subvencións e os seus importes

estarán condicionadas en todo caso ás correspondentes consignacións orzamentarias e a estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 3. ÓRGANO COMPETENTE

Ao tratarse o PES dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de fomento e da xestión económica de carácter plurianual, a competencia para a súa aprobación correspóndelle ao pleno da corporación.

ARTIGO 4. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN

Obxectivos

Son *obxectivos xerais* do PES do Concello de Vedra:

- a) Dar cumprimento ao mandato legal recollido no art. 8.1 da LXS que obriga aos concellos a aprobación do correspondente plan estratéxico con carácter previo á concesión de subvencións.
- b) Determinar as liñas estratéxicas de actuación do Concello, establecendo un conxunto de principios comúns ás mesmas.
- c) Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.
- d) Regular, con carácter xeral, o réxime de concesión e xustificación das subvencións a tramitar polo concello conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polas potencias persoas beneficiarias.
- e) Ter un seguimento dos seus resultados, axustando os recursos anuais aos fins conseguidos na procura da máxima eficiencia.

Son *obxectivos prioritarios* do PES do Concello de Vedra o fomento de todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, sempre sen ánimo de lucro colaborando no desenvolvemento e fomento de actividades de escaso rendemento económico así como potenciar a creación de redes asociativas e de participación dos cidadáns na actuación municipal.

Con todo, este PES debe servir de auténtica ferramenta para conseguir unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional e nunha maior eficiencia na asignación do gasto público.

Principios

Legalidade: A súa finalidade é axustar todo o procedemento ao bloque normativo de aplicación, tanto no que se refire ás subvencións como ás regras de sustentabilidade e estabilidade do gasto público.

Publicidade: A finalidade é garantir a publicidade da convocatoria e das subvencións concedidas, iso sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido LXS, nas Bases de execución do orzamento do Concello de Vedra e demais normativa de aplicación.

Libre concorrència: O devandito principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir as persoas beneficiarias, non restrinxindo o acceso a quen se atopen en igualdade de condicións, garantindo a concorrència e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coas disponibilidades orzamentarias.

Obxectividade: A concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polas potenciais persoas beneficiarias.

Transparencia, igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos: Materialízase coa observancia dos principios de concorrència, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.

Eficacia e eficiencia: Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos mais eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.

ARTIGO 5. PERSOAS BENEFICIARIAS E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O Concello de Vedra concederá subvencións a favor de entidades sen ánimo de lucro así como a favor de persoas físicas ou xurídicas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

A concesión das subvencións no marco do presente PES adecuaranse aos seguintes procedementos:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrència.
- Subvencións de concesión directa:
 - Previstas nominativamente nos orzamentos.
 - Con carácter excepcional, aquelas subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- No caso de subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Vedra por unha norma de rango legal, para o procedemento de concesión estarase ao que lle resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

ARTIGO 6. EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO

Efectos

O PES pretende canalizar un conxunto de actividades que permitan ofrecer aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo: sociais, profesionais, de emprego, de lecer, etc. En efecto, a actividade subvencional pretende:

- a) Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre esta entidade local e os particulares para a xestión de actividades de interese público.
- b) Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade da cidade nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promocionar a inclusión social mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.
- c) Fomentar e impulsar a consecución do obxectivo de igualdade de xénero.

A aprobación do PES non supón a xeración de dereito algún a favor das potenciais persoas beneficiarias, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

Prazos

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural. Non obstante, naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a modificación do período elixible a efectos de xustificación, o dito período deberá recollerse nas correspondentes bases das subvencións/convocatoria ou convenio no caso de subvencións nominativas.

En todo caso, o prazo de xustificación non porá en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio.

Custos e financiamento

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste PES, requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano.

O financiamento da acción subvencional efectuarase mediante fondos propios do Concello de Vedra, sen prexuízo de que a percepción de subvencións ou achegas para a mesma acción ou finalidade permita ao Concello un incremento dos créditos inicialmente consignados, dando lugar a supostos de subvencións cofinanciadas.

ARTIGO 7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O control e seguimento do presente PES realizarase de forma anual, en dous aspectos:

1. Control económico-financieiro das subvencións: encomendado á Intervención, que se realizará de conformidade coas esixencias recollidas na lexislación vixente.

2. Control e seguimento do Plan: encomendado á Xunta de Goberno Local. Ao respecto, as áreas xestoras das subvencións remitirán no primeiro semestre do ano unha memoria das subvencións tramitadas no exercicio inmediatamente anterior na que se proceda a avaliación das mesmas e inclúa no seu caso suxestións para a elaboración do seguinte Plan. Sen prexuízo do anterior, as áreas xestoras poderán formular durante a vixencia do plan cantas propostas de modificación ou actualización do PES consideren oportunas.

ARTIGO 8. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

- *LIÑA ESTRATÉXICA 1. ASISTENCIA SOCIAL*
- *LIÑA ESTRATÉXICA 2. CULTURA E TURISMO*
- *LIÑA ESTRATÉXICA 3. PROMOCIÓN DO DEPORTE*
- *LIÑA ESTRATÉXICA 4. EDUCACIÓN*
- *LIÑA ESTRATÉXICA 5. PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO*
- *LIÑA ESTRATÉXICA 6. PROTECCIÓN CIVIL*

LIÑA ESTRATÉXICA 1. ASISTENCIA SOCIAL

Obxectivos estratéxicos	- Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión de persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social. - Fomentar o desenvolvemento de actuacións solidarias polas entidades de iniciativa social. - Mellorar a calidade de vida de persoas con necesidades especiais. - Favorecer a familias que se atopen en condicións económicas e sociais desfavorables.
Obxectivos específicos	- Promover a autonomía e atención das persoas en situación de vulnerabilidade co fin de evitar situación de illamento e soidade. - Promover a integración social de persoas e colectivos máis desfavorecidos e fomentar o debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social. - Favorecer a execución de proxectos, programas e actividades de carácter social por parte das entidades sociais en Vedra.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	1.1. Emerxencia social. 1.2. Acceso a recursos básicos complementarios a persoas en situación de exclusión ou vulnerabilidade social. 1.3. Realización de actividades na área dos servizos sociais destinadas a colectivos vulnerables. 1.4. Material escolar e transporte.

1.1. Emerxencia social

Sectores ou colectivos destinatarios	Persoas físicas
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Paliar situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación de emerxencia ou risco de exclusión social. - Promover a inserción social das persoas, familias ou colectivos que carecen de recursos económicos suficientes.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 20.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello

	un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión en réxime de concorrència non competitiva: Aprobación das bases reguladoras das axudas de emerxencia social do Concello de Vedra. Prazo de presentación de solicitudes aberto de forma continuada ata esgotamento do crédito orzamentario.

1.2. Acceso a recursos básicos complementarios a persoas en situación de exclusión ou vulnerabilidade social

Sectores ou colectivos destinatarios	Entidades sen ánimo de lucro
Obxectivos e efectos que se pretenden	Facilitar o acceso á alimentación básica e outros recursos básicos ás persoas e familias sen recursos suficientes, complementando as axudas económicas municipais dispoñibles para estes fins.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 3.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

1.3. Realización de actividades na área dos servizos sociais destinadas a colectivos vulnerables

Sectores ou colectivos destinatarios	- Entidades sen ánimo de lucro. - Persoas físicas
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Fomentar o desenvolvemento de actividades en atención aos colectivos vulnerables e as súas necesidades sociais (Infancia, vítimas da violencia de xénero, maiores, persoas con discapacidades, etc.). - Impulsar actividades de promoción da igualdade de xénero. - Conseguir a integración de persoas en situación de vulnerabilidade e desenvolvemento de habilidades parentais e sociais e de autonomía persoal. - Acceso aos recursos municipais existentes (actividades deportivas, culturais, etc.) de unidades familiares que sexan obxecto do programa de educación familiar dos servizos sociais municipais. - Posibilitar unha inclusión activa mediante o fomento e a supresión de barreiras na comunicación a través da prestación do servizo de intérprete de lingua de signos española. - Mellora da calidade de vida das persoas afectadas de deterioro cognitivo e ás súas familias e coidadores/as.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 15.000,00 euros Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas

	que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
--	---

1.4. Material escolar e transporte

Sectores aos que se dirixen as axudas	Persoas físicas.
Obxectivos e efectos que se pretenden	Favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias do Concello de Vedra con menor capacidade económica.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 10.000,00 euros Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión en réxime de concorrência competitiva. Aprobación da convocatoria co contido esixible pola lexislación vixente. Prazo limitado para a presentación de solicitudes. Avaliación de solicitudes e concesión e posterior xustificación segundo se estipule nas bases reguladoras e convocatoria.

LIÑA ESTRATÉXICA 2. CULTURA E TURISMO

Obxectivos estratéxicos	- Fomentar unha oferta cultural de calidade, garantindo o exercicio de acceso universal á mesma, mediante a promoción e difusión cultural e artística.
Obxectivos específicos	- Fomentar a participación activa das entidades sen ánimo de lucro na promoción da acción cultural de Vedra, posibilitando o desenvolvemento de diferentes programacións culturais. - Facilitar o desenvolvemento de actividades, accións e intervencións que contribúan á implantación e difusión da cultura, en especial as relacionadas coa música. - Fomentar a participación dos cidadáns nas actividades culturais e no tecido asociativo de carácter cultural. - Apoiar eventos culturais relevantes que se desenvolven no termo municipal e con arraigo dentro da cidadanía.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	2.1. Promoción e difusión da cultura. 2.2. Mantemento e funcionamento de entidades que fomenten o coñecemento da música. 2.3. Eventos e actividades no fomento da música. 2.4. Organización de eventos culturais relevantes. 2.5. Actividades e concursos: premios en especie outorgados na celebración de eventos culturais. 2.6. Actuacións de formación e promoción no ámbito cultural, turístico, histórico e artístico da cidade.

2.1. Promoción e difusión da cultura

Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro.
Obxectivos e efectos que se pretenden	Colaborar con entidades sen ánimo de lucro que participen na organización e desenvolvemento de actividades e programacións culturais e artísticas.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 12.000,00 euros Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión en réxime de concorrência competitiva. Aprobación da convocatoria co contido esixible pola lexislación vixente. Prazo limitado para a presentación de solicitudes. Avaliación de solicitudes e concesión e posterior xustificación segundo se estipule nas bases reguladoras e convocatoria.

2.2. Mantemento e funcionamento de entidades que fomenten o coñecemento da música

Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro.
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Apoiar economicamente o sostemento das entidades que fomenten o coñecemento da música. - Colaborar e impulsar o desenvolvemento de proxectos que promovan a cultura musical.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 27.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

2.3. Eventos e actividades no fomento da música

Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro.
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Promocionar a representación das bandas de música do Concello de Vedra en eventos culturais e festexos populares no termo municipal. - Promover a organización de eventos, campamentos ou actividades musicais que fomenten a cultura da música e os valores da convivencia.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 16.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública

2.4. Organización de eventos culturais relevantes

Sectores aos que se dirixen as axudas	- Entidades sen ánimo de lucro. - Persoas físicas.
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Cooperar no desenvolvemento dos eventos culturais relevantes ao longo do ano no termo municipal. - Fomentar a participación e iniciativa de actividades pola veciñanza do municipio.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 8.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade	Concesión directa:

de concesión	- Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
--------------	--

2.5. Actividades e concursos: premios outorgados na celebración de eventos culturais

Sectores aos que se dirixen as axudas	Participantes nos concursos.
Obxectivos e efectos que se pretenden	Fomentar a creatividade, expresión artística e participación en eventos culturais ou artísticos organizados polo Concello de Vedra.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 1.200,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios, sen prexuízo do incremento dos créditos por terse recibos achegas doutras administracións para esta finalidade. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa. Aprobación bases que rexerán os concursos e outorgamento de premios.

2.6. Actuacións de formación e promoción no ámbito cultural, turístico, histórico e artístico da cidade

Sectores aos que se dirixen as axudas	- Entidades sen ánimo de lucro. - Persoas físicas ou xurídicas.
Obxectivos e efectos que se pretenden	Fomentar unha oferta cultural de calidade mediante a promoción, formación e difusión cultural e artística.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 2.000,00 euros Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

LIÑA ESTRATÉXICA 3. PROMOCIÓN DO DEPORTE

Obxectivos estratéxicos.-	Apoiar, difundir e promocionar a actividade física e o deporte, adestramento e sacrificio e as prácticas saudables entre a poboación.
Obxectivos específicos. -	- Fomentar a vida saudable, a actividade física e o deporte. - Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas. - Fomentar a actividade física e o deporte. - Promocionar a representación deportiva do Concello de Vedra.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	3.1. Organización e participación en competicións ou eventos deportivos. 3.2. Mantemento e funcionamento de entidades que fomenten o deporte. 3.3. Actividades e concursos: premios en especie outorgados na celebración de eventos deportivos.

3.1. Organización e participación en competicións ou eventos deportivos

Sectores aos que se dirixen as axudas	- Entidades sen ánimo de lucro - Persoas físicas
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Promocionar a representación deportiva de Vedra nos eventos deportivos. - Contribuír a financiar os gastos ocasionados pola organización ou participación en eventos ou competicións deportivas. - Conseguir que a veciñanza conte con proxectos deportivos de interese no seu entorno, ben cun obxectivo de participación ou ben orientado ao espectáculo deportivo.
Custo previsible e fonte de financiamento:	Custo previsible anual: 9.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

3.2. Mantemento e funcionamento de entidades que fomenten o deporte

Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro.
Obxectivos e efectos que se pretenden	Contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas e a súa actividade deportiva.
Custo previsible e fonte de financiamento:	Custo previsible anual: 24.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios, sen prexuízo do incremento dos créditos por terse recibos achegas doutras administracións para esta finalidade. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

3.3. Actividades e concursos: premios outorgados na celebración de eventos deportivos

Sectores aos que se dirixen as axudas	Participantes nas actividades e eventos deportivos.
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Fomentar a participación en eventos deportivos organizados polo Concello de Vedra. - Contribuír á promoción de Vedra como concello de ocio deportivo.
Custo previsible e fonte de financiamento:	Custo previsible: 500,00 €. Fonte de financiamento: Recursos propios, sen prexuízo do incremento dos créditos por terse recibos achegas doutras administracións para esta finalidade. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.

Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa segundo clasificación.
--	--

LIÑA ESTRATÉXICA 4. EDUCACIÓN

Obxectivos estratéxicos.-	Potenciar actividades formativas e outro tipo de actividades de crecemento persoal baseado en valores como complemento da educación, favorecendo a participación das familias na vida escolar.
Obxectivos específicos. -	- Potenciar a figura das ANPAs - Contribución coas actividades lúdicas e educativas extraescolares. - Apoio na realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre o alumnado.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	4.1. Organización de actividades lúdicas e educativas extraescolares. 4.2. Actividades e actuacións no ámbito educativo para o alumnado.

4.1. Organización de actividades lúdicas e educativas extraescolares

Sectores aos que se dirixen as axudas	Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs).
Obxectivos e efectos que se pretenden	Fomentar a organización de actividades lúdicas e educativas extraescolares.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 6.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios, sen prexuízo do incremento dos créditos por terse recibos achegas doutras administracións para esta finalidade. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

4.2. Actividades e actuacións no ámbito educativo para o alumnado

Sectores aos que se dirixen as axudas	- Centros educativos no termo municipal. - Persoas físicas.
Obxectivos e efectos que se pretenden	Fomentar a participación do alumnado en actividades que fomenten a convivencia entre as persoas destinatarias así como o desenvolvemento de habilidades, valores e capacidades persoais e grupais.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 1.200,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios, sen prexuízo do incremento dos créditos por terse recibos achegas doutras administracións para esta finalidade. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

LIÑA ESTRATÉXICA 5 PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Obxectivos estratéxicos	- Apoiar, difundir e promocionar a tradición e cultura galega e municipal a través do fomento de actividades que aportan un maior valor cultural ao municipio. - Fomentar a promoción e difusión cultural e artística.
Obxectivos específicos	- Apoio aos autónomos, pemes e sectores estratéxicos. - Impulso de actividades que favorezan a dinamización económica e protección do emprego.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	5.1. Recuperación do sector empresarial e protección do emprego por mor da COVID19. 5.2. Fomento de actuacións e formación no ámbito laboral.

5.1. Recuperación do sector empresarial e protección do emprego por mor da COVID19

Sectores aos que se dirixen as axudas	Persoas físicas ou xurídicas.
Obxectivos e efectos que se pretenden	Recuperación dos sectores afectados por mor da COVID19.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 23.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios, sen prexuízo do incremento dos créditos por terse recibos achegas doutras administracións para esta finalidade. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Concesión en réxime de concorrència competitiva. Aprobación da convocatoria co contido esixible pola lexislación vixente. Prazo limitado para a presentación de solicitudes. Avaliación de solicitudes e concesión e posterior xustificación segundo se estipule nas bases reguladoras e convocatoria.

5.2. Fomento de actuacións e formación no ámbito laboral

Sectores aos que se dirixen as axudas	- Persoas físicas ou xurídicas. - Entidades sen ánimo de lucro.
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Potenciar a formación laboral a distancia a través da plataformas dixitais. - Fomentar o uso das tecnoloxías da información. - Colaborar en actuacións dirixidas a xeración e mellora do emprego.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 5.000,00 euros. Fonte de financiamento: Recursos propios, sen prexuízo do incremento dos créditos por terse recibos achegas doutras administracións para esta finalidade. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado.
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente.

	- Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Concesión en réxime de concorrencia competitiva. Aprobación da convocatoria co contido esixible pola lexislación vixente. Prazo limitado para a presentación de solicitudes. Avaliación de solicitudes e concesión e posterior xustificación segundo se estipule nas bases reguladoras e convocatoria.
--	---

LIÑA ESTRATÉXICA 6. PROTECCIÓN CIVIL

Obxectivos estratéxicos	Contribuír economicamente no mantemento e funcionamento da agrupación de voluntarios de Protección Civil de Vedra nas súas tarefas de colaboración co Concello.
Obxectivos específicos	Colaboración, auxilio e apoio ós servizos públicos de protección civil nas emerxencias e nas celebracións de actos culturais, deportivos, sociais e noutros que organice ou nos que colabore o Concello.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	6.1. Mantemento e funcionamento de agrupacións de voluntarios en materia de protección civil.

6.1. Mantemento e funcionamento de agrupacións de voluntarios en materia de protección civil

Sectores aos que se dirixen as axudas	Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vedra.
Obxectivos e efectos que se pretenden	- Mantemento económico da agrupación. - Adquisición mantemento e reposición do material necesario para o cumprimento das súas funcións.
Custo previsible e fonte de financiamento	Custo previsible anual: 2.000,00 euros Fonte de financiamento: Recursos propios. A cantidade pode variar ao longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes e da percepción, no seu caso, de subvencións que permitan ao Concello un incremento do crédito inicialmente consignado..
Plan de acción – Modalidade de concesión	Concesión directa: - Previstas nominativamente nos orzamentos. Aprobación do orzamento municipal coa inclusión das subvencións nominativas correspondentes. Concesión e sinatura do convenio regulador da subvención nominativa coas condicións e compromisos esixibles pola lexislación vixente. - Con carácter excepcional, resolución de concesión directa de subvencións nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Vedra, 5 de outubro de 2021

O alcalde

Carlos Martínez Carrillo